DIEGO MARTÍNEZ TORRÓN

O OUTRO ROSTRO DE ÁLVARO CUNQUEIRO

Colección
AUTOIDENTIFICACIÓN
Nº 13
SANTIAGO DE COMPOSTELA-FUNDACIÓN A.BRAÑAS-1996

PUBLICACIÓNS DA FUNDACIÓN ALFREDO BRAÑAS
COLECCIÓN AUTOIDENTIFICACIÓN
Número 13/1996

FICHA EDITORIAL

MARTÍNEZ TORRÓN, Diego

O outro rostro de Álvaro Cunqueiro.- Santiago de Compostela: Fundación Alfredo Brañas, 1996.- 85 pp.: 22cm. D.L.: C-1290-96.- I.S.B.N.: 84-88051-62-x

I. Fundación Alfredo Brañas
Colección Autoidentificación, nº 13/1996

PUBLICACIÓNS DA FUNDACIÓN ALFREDO BRAÑAS
COLECCIÓN AUTOIDENTIFICACIÓN
Número 13/1996

Reservados tódolos dereitos. De conformidade co disposto no artigo 534 bis do Código Penal vixente, poderán ser castigados con penas de multa e privación de liberdade os que, sen a preceptiva autorización, reproduciren ou plaxiaren, en todo ou en parte, unha obra literaria, artística ou científica fixada en calquera tipo de soporte.

Edita Fundación Alfredo Brañas
C/ Ourense, 11- baixo
15701 Santiago de Compostela
Copyright: Fundación Alfredo Brañas
Rexistro: torrón.cun
Imprime: Tórculo Artes Gráficas. Santiago
Picado: Rosa González e Eva Suárez
Traducción: Antón López Dobao
Cubertas: Francisco Puy
I.S.B.N.: 84-88051-62-x
Dep.Leg.: C-1290-96

DIEGO MARTÍNEZ TORRÓN

O OUTRO ROSTRO DE ÁLVARO CUNQUEIRO

Fundación Alfredo Brañas
Santiago de Compostela, 1996

CONSELLO EDITORIAL
da
FUNDACIÓN ALFREDO BRAÑAS

Carlos	BALIÑAS FERNÁNDEZ
Jose Gabriel	BARREIRO PÉREZ
Domingo	BELLO JANEIRO
Francisco	CACHARRO PARDO
Xosé	CUÍÑA CRESPO
Adolfo	DE ABEL VILELA
Xerardo	FERNÁNDEZ ALBOR
Felipe	FERNÁNDEZ ARMESTO
Manuel	FRAGA IRIBARNE
Jose M.	GARCÍA IGLESIAS
Xesús	GARRIDO SUÁREZ
Raúl	GRIÉN DOCAMPO
Carmen	GUISÁN SEIJAS
Jose Luis	IRAVEDRA LESTAL
Manuela	LÓPEZ BESTEIRO
Antonio	MEIJIDE PARDO
Luis	MOURE MARIÑO
Carlos X.	OTERO DÍAZ
Carlos	PARDO MENÉNDEZ
Xesús	PRECEDO LAFUENTE
Andrés	PRECEDO LEDO
Pedro	PUY FRAGA
Francisco	PUY MUÑOZ (Presidente)
Xosé A.	QUIROGA Y PIÑEYRO
Mariano	RAJOY BREY
Mª Teresa	REY BARREIRO-MEIRO
Xosé	RIVAS FONTÁN
Dositeo	RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ
Xosé M.	ROMAY BECCARÍA
Mª Xesús	SÁINZ GARCÍA
Máximo X.	SANZ VALDÉS
Agustín	SIXTO SECO
Manuel	VARELA REY
Víctor M.	VÁZQUEZ PORTOMEÑE

DIEGO MARTÍNEZ TORRÓN

O OUTRO ROSTRO DE ÁLVARO CUNQUEIRO

Fundación Alfredo Brañas
COLECCIÓN AUTOIDENTIFICACIÓN
Nº 13/1996

* FICHA TÉCNICA*

Esta lección pronunciouse o día 8 de Agosto de 1991 no marco das actividades dos Cursos de Verán da FAB.

* **SEMINARIO:** **<<*Cunqueiro e a Literatura fantástica*>>**

* **LUGAR: Mosteiro de Poio (Pontevedra).**

* **DATA: do 5 ó 9 de Agosto de 1991.**

* **RECTOR: Prof. Dr. D. Francisco Puy Muñoz.**

* **XERENTE: D. Xavier Ruíz de Cortázar Díaz.**

* **COORDINADOR DO SEMINARIO: D. J. L. Varela Iglesias**

* **PROFESOR: D. Diego Martínez Torrón**

* **ALUMNOS MATRICULADOS:** 23

- Coas axudas de: Fundación Barrié - Banco Pastor
Mosteiro de Poio (Pontevedra)
Xunta de Galicia.

A Fundación Alfredo Brañas agradece a todas esas persoas, físicas e xurídicas, as aportacións que fixeron posible, no ano 1991, a celebración deste Curso Superior de Verán.

I

Esta é a historia dun libro que non puido ser: *Los otros rostros*, de Álvaro Cunqueiro.

Hai anos, César Cunqueiro, sempre atento á memoria de seu pai, púxose en contacto comigo e envioume un groso material de artigos fotocopiados, aparecidos en *Los otros rostros*, a sección de Cunqueiro en *Sábado Gráfico*[1]. Encargábame a edición, e ó mesmo tempo

[1].- Entre outubro de 1964 e decembro de 1980.

pedíame que xestionase algunha editorial na que se puidese publica-lo manuscrito.

Estudiando o volume de fotocopias, comprendín que estaba bastante incompleto, e acudín durante moitos meses á redacción, a piques de pechar, de *Sábado Gráfico*, para completalo. Conseguín recompilar máis do dobre dos artigos que me enviara César Cunqueiro.

A segunda parte do meu traballo tivo menos éxito. Púxenme en contacto coas mellores editoriais do país, e ofrecinlles no nome de César o libro de Cunqueiro, que se ía chamar, como don Álvaro quería, *Los otros rostros*. Pero era época de vacas fracas pola crise editorial, e ningunha casa quixo acepta-los dous grosos volumes do manuscrito. Xa se sabe que unha cousa é

MARTÍNEZ TORRÓN, D.: *O Outro rostro de A. Cunqueiro*, Santiago, FAB, 1996.

acepta-lo bo nome dun autor e outra facer que venda.

Entremedias, a editorial Tusquets ofreceulle a César a publicación, fraccionada en temas e mesturando artigos de diversa procedencia non recollidos en libro, deste texto.

Eu pensei daquela que dividir un texto unitario en temas arbitrariamente elixidos polos editores era diseccionar un libro que tiña coherencia de seu. Ó agrupar, ademais, os artigos tematicamente, perdíase a sintonía —moi curiosa, como despois veremos— entre os textos de Cunqueiro e o momento histórico en que se redactaban; había que ter en conta, ademais, que eran artigos de prensa, algúns de tema universal e

MARTÍNEZ TORRÓN, D.: *O Outro rostro de A. Cunqueiro*, Santiago, FAB, 1996.

fantástico, pero outros comentaban aspectos de actualidade política.

Ante a imposibilidade de publica-lo manuscrito coma un só libro, *Los otros rostros* convertéronse nunha serie de libros en que se agrupaban por temas afíns artigos de procedencia diversa, ó arbitrio dun crítico non sempre rigoroso.

Así, *Los otros rostros* converteuse no libro que non foi.

Desta maneira, para esta conferencia imaxinei que *Los otros rostros*, ese libro espléndido e unitario que debeu ser, se editou tal e como quería Álvaro Cunqueiro.

MARTÍNEZ TORRÓN, D.: *O Outro rostro de A. Cunqueiro*, Santiago, FAB, 1996.

Quen non queira recorrer a ese equilibrio de imaxinación pode considera-la miña conferencia como un simple comentario ós artigos de Cunqueiro en *Sábado Gráfico*.

Oxalá alguén, quen sexa, edite con rigor algún día este gran libro que nunca foi.

MARTÍNEZ TORRÓN, D.: *O Outro rostro de A. Cunqueiro*, Santiago, FAB, 1996.

II

Ante todo quero destaca-lo interese que *Los otros rostros* ten para comprende-lo decurso da obra de Cunqueiro, e moi especialmente da súa narrativa, que me parece o aspecto central da obra deste grande escritor. E iso non obsta, evidentemente, para que *Los otros rostros* teña tamén un valor, e moi notable, en por si[2].

---

[2].- Outros libros de artigos de A. Cunqueiro son: *El envés* (selección de Néstor Luján e Joan Perucho) Ed. Táber (Barcelona, 1969) publicados inicialmente en *El Faro de Vigo*, nova edición actualmente en preparación; *Las historias gallegas de don A.C.*, Banco de Crédito e Inversiones (Madrid, 1981); e *Fábulas y Leyendas de la mar* (Ed. de N. Luján) Tusquets editores (Barcelona, 1982) publicados incialmente en *La Hoja del mar* e

Por outra parte, nótese cómo desde o ano 1978 hai en Cunqueiro unha dedicación case exclusiva ó ensaio xornalístico ou artigo e un lamentable abandono da narrativa, xustificado pola súa enfermidade. Pero o que o noso autor fai dunha maneira máis continua, mesmo en períodos de convalecencia, son estes artigos aquí reunidos.

En primeiro lugar, o que destaca do libro é a súa grande orixinalidade, característica esta de toda a obra do insigne escritor galego, o valor do cal aínda non foi correctamente medido pola historia das nosas literaturas, e a quen estou seguro de que o tempo reserva un

---

Sábado gráfico, Edicións de César A. Molina en Tusquets: *Tesoros y otras magias* (1984) *Los otros caminos* (1988) e *El pasajero en Galicia* (1989).

lugar predilecto entre as letras españolas do século XX.

En Cunqueiro descubro unha grande erudición —recreada sen embargo dunha maneira bromista e desenfadada— (exemplo, "De la Luna a Pedro Romano"). Nestes artigos tamén se descobren referencias culturais de interese para o estudio da súa narrativa, como a relación súa coa literatura de lord Dunsany, por exemplo, en "Final de Hadas".

Los otros rostros contén unha enorme documentación en anécdotas e referencias que o farán imprescindible para unha posible Historia da Literatura Fantástica en España que algún día se poida escribir. Hai nel ademais unha incrible cantidade de datos lendarios, moitos deles orais,

MARTÍNEZ TORRÓN, D.: *O Outro rostro de A. Cunqueiro*, Santiago, FAB, 1996.

rescatados do esquecemento. Este acopio de lendas universais anda sempre ó redor do tema galego, porque, como se verá, Cunqueiro é simultaneamente rexionalista e universalista: mellor, contempla o universo das lendas a través da ambientación da súa querida Galicia, poboada de soños.

O que máis atrae da obra de Cunqueiro é a súa visión poética da realidade, a súa capacidade de transfigurar esta realidade mediante unha fantasía con rexistros irónicos sorpresivos.

Cunqueiro recala contemplativamente nos *detalles* da lenda fantástica —tómese, por exemplo, "Quemar un poeta"— e parece vivir en perpetua connivencia co máxico e lendario nese paraíso perdido no

---

MARTÍNEZ TORRÓN, D.: *O Outro rostro de A. Cunqueiro*, Santiago, FAB, 1996.

faiado da memoria dos pobos, habitado por gnomos, meigas, demos e sereas. Onde todo posúe a incontestable autoridade do soño. Quizais porque, como dicía Poliades en *Las mocedades de Ulises*, só é mentira aquilo que non se soña. E Cunqueiro é un soñador nato, cunha deliciosa imaxinación.

Esta incidencia do *soño* humano sobre da realidade, que é evidente en *El año del cometa* —esa marabillosa obra de madureza—, é tamén destacada nestas páxinas:

"Le eché un poco de teatro al (vino) Chianti gibelino y, mejorándolo en la imaginación, lo mejoré en la realidad."

MARTÍNEZ TORRÓN, D.: *O Outro rostro de A. Cunqueiro*, Santiago, FAB, 1996.

Cunqueiro refírese explicitamente ó tema do soño no artigo "Vendedores de sueños". En definitiva, para el o escritor non é senón un vendedor de soños e un privilexiado soñador. Este tema, coma outros ós que aludirei aquí, estudieno amplamente no meu libro sobre don Álvaro[3].

Por outra parte, Cunqueiro foxe da trampa do xénero fantástico: da distancia, a alteridade ausente. Cunqueiro contamina coa súa profunda humanidade o tema do máxico, comunícalle o seu sentir, o seu pulso humano. Tódolos artigos de *Los otros rostros* revelan un corazón grande, aberto ós afáns cotiáns que ocupan un

---

[3].- Cfr. o meu libro *La fantasía lúdica de Alvaro Cunqueiro*. Ed. do Castro (A Coruña, 1980). Preparo actualmente unha segunda edición ampliada considerablemente e corrixida.

pobo. Non esquezámo-lo que se le nestas páxinas:

"Vinos humanos, buenos compañeros, amigos que te echan un brazo por el hombro. Pero humildes y callados como gallegos. Como yo mismo."

Cunqueiro tende así en moitas ocasións a uni-lo heroe mítico co home cotián. É o que chamei "humanización do mito" ou provincianización deste. Así, dona Isolda é da parroquia de Vilar de Ferreiros, viúva de don Tristán García, ou do nomeado Tristán de Leonís, en "La farpa de don Tristán", que é unha belísima aproximación da lenda de Tristán e Isolda á realidade cotiá. E este xogo cos posibles finais dun tema mítico está tamén nas súas novelas *Las mocedades de Ulises, Un hombre*

MARTÍNEZ TORRÓN, D.: *O Outro rostro de A. Cunqueiro*, Santiago, FAB, 1996.

que se parecía a Orestese Se o vello Sinbad volvese ás illas. No artigo "La astucia de Aconcio" inventa tamén outros finais para o mito de Aconcio e Cídipe.

En todo caso, a capacidade fabuladora de Cunqueiro xorde dunha imaxinación superpoboada de lendas literarias e orais, que aquí constitúen un entramado de anécdotas sobre o que se edifica cada artigo en concreto. Pero sempre —igual ca na súa novela ou na súa poesía— late o mesmo mundo máxico e bromista.

Se callar Cunqueiro pensa, co valisoletano Martín González de Cellórigo, a quen cita aquí, que España "es una república de encantados que viven fuera del orden natural" ("De arbitristas"). Iso

MARTÍNEZ TORRÓN, D.: *O Outro rostro de A. Cunqueiro*, Santiago, FAB, 1996.

rompería co tópico do noso realismo constitutivo, evidentemente.

Os artigos que compoñen este libro caracterízanse ademais polo seu carácter de suxestión, de apuntamento que se deixa sobre da páxina para a delectación privada do lector. Son suxestión que apuntan e desaparecen para ir a outro tema.

Los otros rostros posúen un evidente carácter *misceláneo*, de varia noticia, de curiosidade diversa e amena. Neste sentido, o autor parece evitar toda posible construcción lóxica, todo encadeamento forzado por unha posible estructura de composición. O mesmo cá súa novela, estes artigos caracterízanse polo libre vagar da imaxinación. Navegación ó pairo,

---

MARTÍNEZ TORRÓN, D.: *O Outro rostro de A. Cunqueiro*, Santiago, FAB, 1996.

chameille, a propósito da súa narrativa. É a imaxinación libre deste grande autor galego, que sen embargo nunca esfarrapada ou esfiañada. É a maxia do contar cunqueiriano. Contar de parladoiro improvisado. Arte popular e sabia. Are inimitable, que franquea os límites da lóxica. Cunqueiro desafía os aborrecidos esquemas da lóxica. A súa arte é vida.

Moito teño insistido no carácter *lúdico* da fantasía de Cunqueiro, e non me arrepinto diso. Nótese, por exemplo, como aquí conflúen, no ámbito dun mesmo artigo breve, unha cantidade diversa de lendas ou referencias culturais ben populares, ben literarias. Tomemos como exemplo o tema de Gunnar Olafson en "Historias con Navidad al fondo".

MARTÍNEZ TORRÓN, D.: *O Outro rostro de A. Cunqueiro*, Santiago, FAB, 1996.

Cunqueiro parece non respecta-lo mito. Pero é precisamente o contrario: porque o respecta e ama, xoga con el. Este ludismo fantástico ségueme parecendo hoxe o máis definitorio do seu estilo. E nótese que neste xogo co mito e a lenda ten un papel moi importante a ironía; así, por exemplo, cando se toca o tema do Camiño de Santiago, hai unha referencia a unha praza Pigalle do Camiño, evitada polos peregrinos virtuosos... Estas felices ocorrencias confírenlles unha peculiar amenidade e gracia ós seus textos.

En realidade, Cunqueiro venera o mito e a lenda. E precisamente por iso a arroupa cun ar cálido e humano. E logo, ¡oh marabillosa heterodoxia!, xoga con ela, sométea ó prisma da súa sorna ou achégaa máis ó cotián, ou introduce elementos da

---

MARTÍNEZ TORRÓN, D.: *O Outro rostro de A. Cunqueiro*, Santiago, FAB, 1996.

súa propia fantasía ou imaxinación na dita lenda ou mito. Respecto, si, pero tamén ludismo: consideración persoal acerca do acervo cultural que se nos legou —escrito ou oral—, xogo cos elementos da tradición, remozados.

Nótese ademais como a fantasía de Cunqueiro foxe do tema fácil do terror ou do medo. O noso autor sorrí co fantástico, precisamente porque o comprende e o ama, porque o incuba na súa persoal imaxinación. E desta recreación xorde o milagre.

MARTÍNEZ TORRÓN, D.: *O Outro rostro de A. Cunqueiro*, Santiago, FAB, 1996.

III

Cunqueiro, por outra banda, varre sempre para a casa. Tende a aproxima-lo afastado fantástico á "súa" terra galega, á súa realidade.

Tomemos por exemplo "Sortes e resortes" ou "El visitante de Antruejo" e as referencias a Miranda —que aparecen tamén en *Merlín e familia*—. El posúe unha visión ampla e decididamente universal, pero á vez peculiarmente galega. Observa o universo enteiro das lendas —como dicía ó primeiro— desde a súa atalaia galega e fai radicar este universo na terra que el cre máis lendaria por excelencia:

MARTÍNEZ TORRÓN, D.: *O Outro rostro de A. Cunqueiro*, Santiago, FAB, 1996.

Galicia. Este aspecto mítico da súa terra é evidente por exemplo en "La mujer gallega".

Porque nesta delectación polo galaico cumpre unha función importante o seu amor á muller desta terra:

"(...) enseñaban al hombre el amor por la mujer, sentada junto al fuego, tímida y dulce hilandera. Es posible que desde entonces le haya quedado a la mujer gallega esa suavidad callada en la espera, ese dejarse asombrar de amor, ese silencioso parpadeo ante el misterio, que en algunos de los grandes enamorados de la estirpe -una doña Inés de Castro, Cuello de Garza, por ejemplo- es la flor imposible de su condición. Y será la conciencia plena de que el amor es cosa mágica, hechizo secreto, inaprensible sentimiento, lo que hace que a la

MARTÍNEZ TORRÓN, D.: *O Outro rostro de A. Cunqueiro*, Santiago, FAB, 1996.

gallega le guste tanto hablar del amor, dilucidarlo, parrafear, como acá decimos, sobre los hilos mil del sentir."

Galicia é tema fundamental en Cunqueiro, que nos descobre a amizade do galego coa lenda e presenta a súa terra como lendaria por natureza (en "Los jóvenes canteros", por exemplo). E sempre salferindo de sorrisos os seus artigos, coma este en que a estatua de Daniel, namorada dos seos de Esther, volve cara a eles cada vez máis a mirada... e iso lémbrame tamén a estatua de César namorado de David en *El año del cometa*.

Este libro, *Los otros rostros*, é así tamén un repaso dos costumes galaicos. Así, sobre a chuvia en Galicia en "Los magos italianos". É un repaso misceláneo de

MARTÍNEZ TORRÓN, D.: *O Outro rostro de A. Cunqueiro*, Santiago, FAB, 1996.

tódolos temas que teñen que ver coa súa terra.

En "Los sórdidos gallegos" defende con gracia pero con sosego os galegos, a partir dunha alusión literaria negativa de Camoens. E di con acerto: "Yo le digo a mis paisanos que hay que estar a todas, y alegrarse de andar en octavas reales, y ya vendrán tiempos mejores".

Testemuños tamén dos costumes ás veces necrofílicos do galego, como "La romería de los resucitados", neste desde a vivencia emocionada do escritor, en parte curado do seu mal, que promete ir a esta romaría. Cunqueiro alude aquí con elegancia ó tama da enfermidade que xa tiña por aquelas datas.

MARTÍNEZ TORRÓN, D.: *O Outro rostro de A. Cunqueiro*, Santiago, FAB, 1996.

Cualifica Cunqueiro de tristes ós portugueses, cara ós que non parece ter moita simpatía. Menos aínda se cadra cara ós mouros ("El periquito y los terremotos"), segundo creo adiviñar nos seus escritos. Quizais lle tira a orixe étnica celta cara a Occidente, aínda que declara a súa admiración polos relatos semitas ("Desde el fondo de las edades").

MARTÍNEZ TORRÓN, D.: *O Outro rostro de A. Cunqueiro*, Santiago, FAB, 1996.

IV

Deténdonos agora un pouco na *técnica* de construcción, ou máis ben —pola ausencia de construcción— de *elaboración* destes artigos podemos volver outra vez ó xa mencionado sobre a muller galega. Ante todo vemos como en Cunqueiro sobresae sempre o *sentimento*, o afecto humano, expresado con pudor viril entre risos e sorrisos, e o amor é nel un sentimento importante.

Vemos como neste artigo Cunqueiro *selecciona* de todo o literario aquilo que ten carácter lendario. Así, Romeo e Xulieta. Pero despois une este trazo lendario da

MARTÍNEZ TORRÓN, D.: *O Outro rostro de A. Cunqueiro*, Santiago, FAB, 1996.

literatura ou a tradición oral ó redor do que lle é máis querido, aproximándoo ó humano. E así se evoca a rapariga que vai ó abri-lo día a levar trigo ó muíño e atopa no camiño o seu pretendente. E despois, ás veces, unha deducción poética, unha reflexión suxestiva: da despedida de ámbolos namorados conclúe o breve que para eles é o longo diálogo do amor...

Pero ademais, neste mesmo artigo lese o seguinte:

"En definitiva, el asunto será también que no está exenta la mujer gallega de la condición intelectual de la raza, ni es ajena a ese escepticismo esencial del galaico, del que sabe curarse con el apetito mágico y la convicción de que si las cosas tienen siete rostros, uno puede ser el verdadero."

MARTÍNEZ TORRÓN, D.: *O Outro rostro de A. Cunqueiro*, Santiago, FAB, 1996.

Esta alusión ós diversos rostros das cousas dános pé tamén para interpreta-lo sentido do título que o propio Cunqueiro elixiu para esta serie de artigos de *Sábado Gráfico*. Coma se quixese aquí mostra-lo rostro esquecido, a outra cara da realidade, que ó mesmo tempo é moitas caras, *outros rostros*.

En calquera caso, nótese como neste libro aparecen temas queridos da súa narrativa, pero tratados dunha maneira máis directa, desde o punto de vista dun interlocutor humano máis vivo, desde o diálogo co lector que se establece na periódica columna dunha cita semanal. E sempre desde a perspectiva da anécdota, do detalle festivo e máxico a un tempo, que se engasta con moitos outros detalles que se cadra aportan os *outros rostros*

MARTÍNEZ TORRÓN, D.: *O Outro rostro de A. Cunqueiro*, Santiago, FAB, 1996.

múltiples e esquecidos da móbil realidade que nos circunda. Busca Cunqueiro o contacto coa *outra realidade*, a máxica, que tantas veces é a única que ve o home[4].

Respecto a esta técnica de elaboración non estaría de máis menciona-las súas afirmacións recollidas en "Tarjetas de visita":

"(...) Historias como estas mías gustan en Portugal, porque a la gente de allí le encanta cualquier narración por la que pase un desconocido, cuya condición nada sabe, que dice unas palabras misteriosas y desaparece. A

[4].- Cfr. o prólogo de Cunqueiro, que parafraseo nesta última oración, ó meu *La fantasía lúdica de A.C.* Tamén reproducido na miña edición de *Las mocedades de Ulises*, do propio Cunqueiro, Espasa Calpe, Madrid, 1985 (Col. Austral, 1652).

esto le llamo yo verdadero gusto por la novela (...)"

O artigo titulado "Los augurios" é un exemplo interesante do modo en como fía Cunqueiro sucesos e relatos dunha maneira popular. Así, temas que non teñen unha relación lóxica entre si (prodixios-peste-etc.) son fiados no curso do texto. Iso ocorre tamén na súa narrativa, cos recursos técnicos que máis amplamente estudiei.

¿Mentalidade surrealista? Máis ben diría eu que visión fantástica que amalgama todo o bo saber contar no parladoiro. Porque no parladoiro a conversa deriva, coma o barco sobre das ondas, dunha maneira sempre amable, dunha a outra parte. No contar de

---

MARTÍNEZ TORRÓN, D.: *O Outro rostro de A. Cunqueiro*, Santiago, FAB, 1996.

Cunqueiro retómase ó cabo do artigo —ou da historia, no caso da novela— o fío do principio, e adoita acabar (círculo pechado) cun colofón conclusivo que ás veces é unha loanza a Galicia.

Por todo iso a técnica de Cunqueiro parece ser, nos seus artigos, de asociación de ideas. Despois vólvese, logo dunha paréntese e deambular libre —coma na súa narrativa— ó fío principal. Así, por exemplo, en "Pactar con el diablo", o fío principal retómase cando di "Volviendo al Diablo mayor...", e sen máis preocupacións vólvese ó tema inicial.

En definitiva, Cunqueiro o que fai é selecciona-los temas que a el lle interesan ou impresionan entre unha manchea de lecturas ou de noticias orais. Tómaos de

MARTÍNEZ TORRÓN, D.: *O Outro rostro de A. Cunqueiro*, Santiago, FAB, 1996.

aquí e de acolá, salpica despois a *divagación* aparente dos seus encantados ensaios.

Así, por exemplo, en "Cómo probar si uno es castellano", Cunqueiro selecciona, libremente, da *Crónica General* dos medievais aquilo que o divirte: o rei castelán babexante...

Cunqueiro interpreta maxicamente a realidade, mesmo as novas de actualidade, que el comenta á súa maneira. Así, durante a crise do Irán, escribe "Las 'vacaciones' del Sha". E conclúe que sen a frecha de lexitimidade, sen o espello da xustiza e sen o can chorón de Persépole... a República islámica acabará por se impoñer en Persia.

MARTÍNEZ TORRÓN, D.: *O Outro rostro de A. Cunqueiro*, Santiago, FAB, 1996.

É incrible esta capacidade de indagación e de retención nas lendas de diversos países e diversas culturas, que el enfoca desde o seu prisma persoal. Parece crer que a fantasía non ten patria; aínda que deixa ben sentado que a súa é Galicia.

Por outra parte, Cunqueiro posúe unha curiosa capacidade para poetizar temas culturais coñecidos por todos, adobiándoos coa súa peculiar imaxinación. Por exemplo, a matanza dos inocentes en "La gran degollina". A partir deste tema básico, cunha multitude de anécdotas e detalles, algúns inventados —fabulados—, compón un artigo peculiar, que deixa —como tódolos seus— sabor a pouco, a poesía lene, a pudorosa tenrura e a broma poética.

MARTÍNEZ TORRÓN, D.: *O Outro rostro de A. Cunqueiro*, Santiago, FAB, 1996.

Cunqueiro recrea temas ben coñecidos, ou ben temas só accesibles mediante a erudición. E con respecto a isto hai unha curiosa afirmación en "Los antiguos jardines" que o reflicte:

"A mí lo que más me gusta de estos libros raros y curiosos es que fueron escritos por gente sabia y erudita, que se documentó mucho antes de tomar la pluma. Y me gusta también el no poder leerlos, que así va mi imaginación, desde el título, volando y constituyendo en el aire estupendos asuntos."

Insisto, por tanto, no papel creador que ten a libre imaxinación cunqueiriana, que informa toda a técnica de elaboración da súa escrita.

MARTÍNEZ TORRÓN, D.: *O Outro rostro de A. Cunqueiro*, Santiago, FAB, 1996.

V

Vexamos agora os *temas* tan diversos que trata nestes artigos.

No meu citado estudio coidei de sinala-la tenrura que a Cunqueiro lle inspiran aquelas personaxes danadas por algún defecto físico. E aquí a memoria evoca, por exemplo, a escena da coxiña de Samnos, namorada de Fanto Fantini, que se despide do seu heroe con tenras palabras mentres a este o agarda a nave conducida por aletexantes golfiños impacientes que o han levar de volta ata Venecia.

MARTÍNEZ TORRÓN, D.: *O Outro rostro de A. Cunqueiro*, Santiago, FAB, 1996.

Nestes artigos aparece por exemplo o tema dos tatexos. Léase ese divertido artigo titulado "Día de tartamudos". Cunqueiro parece conceder calidades máxicas ás persoas que sofren este mal. O tatexo críase que era dous espíritos nun corpo que querían falar a un tempo e acababan por se interromperen. E ó cabo, a sorna sempiterna do noso autor, nas palabras do corvo que era o marido tatabexo que se lle aparecía á muller para que non vendese as terras: "¡No v'v'v'endas, c'c'c'coño!"...

Pero non pensemos que Cunqueiro está lonxe dos temas máis humanos. De todos é coñecida a súa afección, vitalista, amable e sensual, ós temas culinarios. Así, o artigo titulado "Tasando la langosta" toca o culinario mediante o detalle

MARTÍNEZ TORRÓN, D.: *O Outro rostro de A. Cunqueiro*, Santiago, FAB, 1996.

anecdótico graciosamente adobiado. Despois, o tema é adubado de mitoloxía, e así, a propósito da lagosta, o lector evoca a historia de Palinuro, compañeiro de Eneas, que lle empresta nome científico ó becho. O tema do marisco é tamén tratado en "Los conocimientos inútiles". E en "Peces en la mar" fai recomendacións culinarias ós seus amigos lectores.

Los otros rostros toca temas misceláneos e diversos. Ás veces son costumes de Galicia (os magostos, en "Las hogueras de San Martín"). Ou un eloxio do encanto poético do viño ("La visita a las bodegas", eloxio repetido despois en "La cosecha del sábado"; canto báquico á vendima en "Las tristes vendimias").

MARTÍNEZ TORRÓN, D.: *O Outro rostro de A. Cunqueiro*, Santiago, FAB, 1996.

Cunqueiro está moi próximo ó tema agrícola, como a todo o popular da súa rexión. Así en "Entre racimos y castañas". A colleita é para el algo vivo e moi en relación co home. Por iso unha moza alegre e soñadora que pase ó pé dunha viña pode mellora-la colleita, e un home taciturno arruinala. E hai un trasgo chamado Chinchaollo que habita o interior dun ourizo, ata que o varean e el se crava no ollo de que ousou varea-lo castiñeiro...

Son temas moi diversos. Como o dos meigos ("Las grandes curaciones", ou "Sortes e resortes", no que fala de "un meigo amigo meu"...). Ou os monstros ("Los eternos monstruos"). Tamén o tema mariño é fundamental nel, como ben viu Néstor Luján.

MARTÍNEZ TORRÓN, D.: *O Outro rostro de A. Cunqueiro*, Santiago, FAB, 1996.

Cunqueiro fala mesmo da súa enfermidade. E segue a escribir artigos cando esta remite ("Otra vez el mar").

Son artigos nos que colle todo, e deambulan polos diversos recantos da imaxinación do autor só para que o lector tome contacto con eses múltiples outros rostros que latexan trala banalidade cotiá.

Un tema moi querido para Cunqueiro é o dos demos. Así, en "Los ausentes febrerillos" dálles nomes que ás veces remiten a personaxes da súa narrativa, coma o divertido demo Cobillón, ou Bisodie —Casanova das monxas portuguesas...—. Ás veces reitera o tema da monxa namorada do dema, ó que sempre lle saca punta ("Obispo al bingo y extraterrestres a Evora").

MARTÍNEZ TORRÓN, D.: *O Outro rostro de A. Cunqueiro*, Santiago, FAB, 1996.

Ironiza con demos e ananos en "Remedios para crecer", aproximándoos á anécdota humana, transcendida pola súa fantasía cara a unha mensaxe sinxela e alegre (cf. tb. "Tarjetas de visita").

En ocasións recrea un tema tratando de achegar unha nova interpretación, un novo final sorpresivo, retrotraéndoo ó escenario humano, á realidade cotiá que parece comungar para el co fantástico. Así, en "las entrevistas del verano" Belzebú, disfrazado de estudiante portugués e rico na Universidade de Salamanca, é descuberto finalmente na súa pousada por unha criada que o atopa xantando un enorme prato cheo de zoadoras moscas vivas.

MARTÍNEZ TORRÓN, D.: *O Outro rostro de A. Cunqueiro*, Santiago, FAB, 1996.

Pero noutras ocasións o tema grave do demo é tratado con respecto máxico, aínda que sempre cunha lene sorna, coma en "El número de la bestia", que contén ademais valiosas referencias bibliográficas sobre este asunto.

Cunqueiro ataca tamén temas serios, artigos que abocan desde a anécdota divertida a unha consideración da vida moderna, como "El mono parlante", que critica a lamentable reducción léxica nos medios de comunicación —que son máis ben de "incomunicación", dísenos.

Pero sempre na base do artigo hai unha *anécdota* que dá pé a toda a varia e miscelánea consideración caprichosa e lúdica do autor. Esta anécdota é magnificamente dignificada pola

---

MARTÍNEZ TORRÓN, D.: *O Outro rostro de A. Cunqueiro*, Santiago, FAB, 1996.

imaxinación e a sorna cunqueiriana nunha persoal recreación, como en "Los salvoconductos del español".

MARTÍNEZ TORRÓN, D.: *O Outro rostro de A. Cunqueiro*, Santiago, FAB, 1996.

VI

Entre os temas que toca está o político.

Cunqueiro maniféstase claramente favorable ó proceso democratizador, por exemplo en "Los incendiarios", no que tamén critica o terrorismo incendiario do monte levado por unha actitude que é máis ca ecoloxismo: amor pola propia terra arborada e verde.

O tema político ten en Cunqueiro menos interese, pero pode evidenciar ata qué punto son inexactas algunhas crenzas

MARTÍNEZ TORRÓN, D.: *O Outro rostro de A. Cunqueiro*, Santiago, FAB, 1996.

ou afirmacións da crítica respecto á súa ideoloxía.

Destaca Cunqueiro cómo a transición democrática se fixo sen traumas, fronte ó que prognosticaban os fatalistas da ultradereita... segundo vén a dicir el máis sutilmente.

Hai tamén un interesante testemuño do desencanto político en "La divagación electoral", cunha clara broma alusiva á incoherencia da clase política. E bromas con determinados aspectos políticos: así se refire a un tal Cabrera, que, chuchado polo vampiro —o cal fai que el á súa vez se volva vampiro— converteuse de carlista duro en demócrata... ¿Son un pouco vampiros, fiscalmente falando, os demócratas para Cunqueiro —aínda que el

MARTÍNEZ TORRÓN, D.: *O Outro rostro de A. Cunqueiro*, Santiago, FAB, 1996.

cre na democracia? O interrogante ábrese trala ambigüidade da broma...

Cunqueiro é, en efecto, un home conservador, como gran parte do pobo galego nesta época, pero fiel á transición democrática que el saúda con alegría entre bromas e veras.

Censura Cunqueiro, en alusións, a guerra civil española e alaba constantemente a transición pacífica trala morte de Franco ("Los odios extinguibles"), cun claro eloxio á reconciliación política entre faccións contrapostas, mediante anécdotas culturais e literarias do remoto pasado. Cunqueiro é moito máis aberto do que certos críticos quixeron facernos crer...

MARTÍNEZ TORRÓN, D.: *O Outro rostro de A. Cunqueiro*, Santiago, FAB, 1996.

Búrlase Cunqueiro da intolerancia, decididamente irónico, por exemplo en "El predicador y el desnudo femenino".

Critica a Hitler ("La Atlántida siempre"). E critica tamén por igual o Vietnam marxista-leninista coma a Alemaña nazi ("Todos esos niños"). E eloxia tamén, por exemplo, o libro de Jackson e a súa interpretación da guerra civil española.

Hai nestas páxinas unha interesante condena do realismo socialista da novela, que se practicaba cando Cunqueiro comezaba a publica-las súas narracións insolitamente fantásticas. Refírese así a este realismo socialista en "Los falsos países", que, di, "... es una de las cosas

MARTÍNEZ TORRÓN, D.: *O Outro rostro de A. Cunqueiro*, Santiago, FAB, 1996.

más tristes y aburridas del siglo". A crítica literaria posterior íalle da-la razón.

Refírese tamén a "los camisas viejas del cristianismo en aquella España" da limpeza de sangue fronte ós xudeus, e non con moita simpatía ("Retablo de judíos").

Finalmente, Cunqueiro acusa nun dos seus últimos artigos, cheo de apaixonada censura, ós terroristas de falta de imaxinación ("Terrorismo e imaginación").

Creo, en definitiva, que o mellor Cunqueiro non é o político, senón o lendario. Pero este tema político —por exemplo a súa erudita e sentida condena do terrorismo— débese ter en conta posto que amosa cómo pese ó seu marabilloso

MARTÍNEZ TORRÓN, D.: *O Outro rostro de A. Cunqueiro*, Santiago, FAB, 1996.

mundo fantástico non lle pecha os ollos á realidade.

MARTÍNEZ TORRÓN, D.: *O Outro rostro de A. Cunqueiro,* Santiago, FAB, 1996.

VII

Algúns temas de Cunqueiro, por outra parte, remiten á súa narrativa, como o artigo sobre "Bolas de nieve" a *Merlín e familia*, se mal non lembro. É a fascinación das antigas estéticas coa que xoga a súa ironía. Tamén o tema dos espellos, en "Monstruos para el verano", que tratou con fondo renacentista en *Vida y fugas de Fanto Fantini*. Ou o tema reiterado e querido da corte artúrica, en "Merlín misionero", que remite a *Merlín e familia* ou *El año del cometa*, unido aquí por capricho lúdico do escritor ó tema dos demos. Ou o tema do unicornio en "Regale un unicornio", que remite a *El año*

MARTÍNEZ TORRÓN, D.: *O Outro rostro de A. Cunqueiro*, Santiago, FAB, 1996.

del cometa, cunha broma escéptica cara á ciencia americana, capaz de construír artificial e masivamente un animal lendario coma este:

"(...) El fabricado en Estados Unidos es un unicornio antipoético (...)"

Esta crítica da civilización científica e ianqui é outro tema peculiar dos artigos cunqueirianos. De aquí este ton entre nostálxico e elexíaco que ás veces tinxe as súas páxinas, no que critica aspectos da nosa civilización.

Creo que Cunqueiro non gusta da nosa civilización, e por iso se refuxia na súa fantasía como forma evasiva. Parece estraña-la lenda e a poesía nunha vida rexida pola ciencia e a razón lóxica. As

---

MARTÍNEZ TORRÓN, D.: *O Outro rostro de A. Cunqueiro*, Santiago, FAB, 1996.

súas críticas á présa moderna, ou ó tráfico que fai fuxi-los gorrións da súa rúa viguesa, por exemplo, en "El hombre y sus prisas".

É unha actitude de crítica ante a sociedade actual, especialmente a que ten características norteamericanas de desenvolvemento, por exemplo en "Gallinas y premio gordo". A súa fantasía faino por isto voar cara a *outra* época, a das lendas e mailos mitos. Fantasía saudosa e evasiva fronte a un mundo desprovisto de sensacións máxicas e de momentos poéticos, como o mundo tecnificado. Pero cabo deste pulo evasivo, hai, como dixen antes, e é importante repetilo, un retrotrae-lo mito ó humano, achegándoo ó popular eterno, ó retraso

MARTÍNEZ TORRÓN, D.: *O Outro rostro de A. Cunqueiro*, Santiago, FAB, 1996.

dourado e querido do seu pobo galego, humanizando o mito.

Cunqueiro considera bárbaros ás veces ós homes civilizados, e posúe en mellor estima ó campesiño galego. Así, por exemplo, a divertida anécdota de "El pequeño viñedo", na que glosa o feito de os campesiños regalárenlles ós "bárbaros" Carter e Breznev unha viña. A modernidade, que mata as lendas, que nos fai vivir nun mundo rexido pola lóxica e a matemática abrumadora das cifras é para Cunqueiro e para o labrego galego da anécdota signo de barbarie. Se callar para Cunqueiro coma para outros escritores —penso, por exemplo, no castelán Delibes— o progreso igual é en certo modo retroceso...

MARTÍNEZ TORRÓN, D.: *O Outro rostro de A. Cunqueiro*, Santiago, FAB, 1996.

Recluído na súa fermosa e arcaica Galicia, aquilatada de poesía e fantasía lendaria, Cunqueiro critica a sociedade actual en "Interrogando extraterrestres". É curioso como Cunqueiro despreza o tema dos extraterrestres, que a el lle parece superstición vulgar espida de engado. El, que é capaz de crer en meigas e en trasnos. Igual o tema dos extraterrestres o atopa desposuído de poesía, unha poesía que atopa outramente nas lendas... ¡Cunqueiro prefire as sereas!... Non cae na superstición científica da masa televidente. A súa fantasía é máis depurada, máis poética... e ten consciencia de ser iso: fantasía. Quizais por esteticismo lendario, aínda que tinxido tamén de humanidade, de populismo.

MARTÍNEZ TORRÓN, D.: *O Outro rostro de A. Cunqueiro*, Santiago, FAB, 1996.

VIII

É moi curiosa a súa actitude ante a credulidade supersticiosa que se basea na ciencia moderna. Bromea coa idea do progreso científico, como cando glosa por exemplo o feito de que os astronautas que pisaron a lúa tolearon, en "Los alunados".

Hai tamén nos seus escritos un canto elexíaco e emocionado á xente do mar, que teñen a liberdade perdida hoxe, en "Las fronteras del mar". Emoción dictada aquí pola verdade humana e tráxica dos mariñeiros sobre o tema lesivo para o galego das 200 millas, ó que se cinxe aquí sen divagacións irónicas, porque lle parece

MARTÍNEZ TORRÓN, D.: *O Outro rostro de A. Cunqueiro*, Santiago, FAB, 1996.

suficientemente importante. Cunqueiro está moi preto sempre do seu pobo.

Outras veces hai nos seus artigos temas que expresan o que chamei contrapunto temático entre beleza e ironía, estudiado amplamente no meu libro. Esta consideración simultaneamente bromista e poética creo que lle confire unha complexidade e variedade sorpresiva peculiar á obra de Cunqueiro. É o tema de San Xurxo, o dragón e a bela, en "La bella del dragón", marabillosamente poético e divertidamente irónico.

Cunqueiro, bromista incorrixible, reitera ás veces temas xa tratados, coma o do tatexo ("Día de tartamudos" e "Ls tartamudos galeses"). Son temas ou anécdotas que lle son queridos e que

MARTÍNEZ TORRÓN, D.: *O Outro rostro de A. Cunqueiro*, Santiago, FAB, 1996.

repite en varios artigos. Pero hai que ter en conta, e así o comprenderá o lector, que transcorreu un longo período de tempo entre a publicación dun e outro artigo. Igual cando fala da lagosta ("Tasando la langosta" e "Los conocimientos inútiles"), ou verbo do demo ("Pactar con el diablo", etc.), ou o tatexo e o mouro en "Desde el fondo de las edades".

Outro aspecto interesante de Cunqueiro é o seu interese cara á *vox populi*. O seu mesmo contar parece imitar, e así o ten confesado, o contar popular da súa terra. Así, "El viejo de la montaña", "El incendiario", etc. Cunqueiro dignifica literariamente os relatos orais do seu pobo, que lle é tan querido.

MARTÍNEZ TORRÓN, D.: *O Outro rostro de A. Cunqueiro*, Santiago, FAB, 1996.

Cunqueiro evoca da súa infancia os parladoiros de botica, título dun dos seus libros. Estes parladoiros entre os amigos de seu pai, maxistrais curandeiros, na botica do seu Mondoñedo natal, constitúen unha lembranza ennobrecida se cadra pola súa imaxinación. Ó mellor de aí deriva a súa afección ás erbas máxicas para curar. En calquera caso, ó cabo desta evocación de "Los oficios pacíficos" hai outra reconvención á sociedade moderna, pois os roubos de farmacias por motivo de drogas transformaron a outrora pacífica vida dos boticarios.

MARTÍNEZ TORRÓN, D.: *O Outro rostro de A. Cunqueiro*, Santiago, FAB, 1996.

IX

En definitiva, *Los otros rostros* preséntasenos coma un libro de *curiosidades fantásticas*, algunhas inventadas polo autor e outras recollidas e seleccionadas das súas amplas lecturas. Porque en Cunqueiro a súa fantasía persoal únese á fantasía tradicional e lendaria.

Debo destacar unha vez máis esta peculiar connivencia de Cunqueiro co fantástico popular e tradicional.

O resultado é un texto ateigado de gracia e poesía, que nunca aburre.

MARTÍNEZ TORRÓN, D.: *O Outro rostro de A. Cunqueiro*, Santiago, FAB, 1996.

Hai un importante trazo de oralidade na prosa de Cunqueiro que explicaría o seu aspecto improvisado e carente de construcción lóxica. Cunqueiro ama as tradicións galaicas do parladoiro ("Tertulia de capones", "Tertulia de alquitarero"...). Ama contar á cor do lume das paroladas de vellos amigos.

En calquera caso o lector de Cunqueiro sabe que ó abri-las súas páxinas vai dar cun mundo peculiar e máxico. Que vai entrar nun faiado perdido, entre a imaxinación do autor e a memoria dos pobos, nunha estancia na que conflúen en amable ludismo mitos e lendas de diversas idades, irmanadas por un respectuoso xogo con esa cultura do fantástico.

MARTÍNEZ TORRÓN, D.: *O Outro rostro de A. Cunqueiro*, Santiago, FAB, 1996.

Sabe que vai entrar nun mundo no que nada é verdade nin mentira, senón só soño, puro soño, marabilloso soño... Poesía, broma e humanidade a un tempo. Unha cálida humanidade nesa fantasía de corazón grande e aberto.

Facinación dunha fantasía libre.

MARTÍNEZ TORRÓN, D.: *O Outro rostro de A. Cunqueiro*, Santiago, FAB, 1996.

X

Relación de artigos incluídos en *Los otros rostros* e aparecidos en *Sábado Gráfico.*

"El señor cordal" (capítulo de *Escola de Menciñeiros*): Nº 418, 3 out. 1964.
"Martes lardeiro"; "Las hogueras de San Martín": Nº 425, 21 nov. 1964.
"La visita a las bodegas": Nº 426, 28 nov. 1964.
"Viajes con estrella": Nº 428, 12 dec. 1964.
"Historias con Navidad al fondo": Nº 429, 19 dec. 1964.
"El gorro de los años": Nº 430, 26 dec. 1964.
"La flor de los caminos": Nº 433, 16 xan. 1965.
"Sortes e resortes": Nº 435, 30 xan. 1965.
"Los ausentes febrerillos": Nº 436, 6 feb. 1965.
"El visitante de Antruejo": Nº 439, 27 feb. 1965.
"La mujer gallega": Nº 500, 30 abr. 1966.
"En las sacras bodegas": Nº 810, 9 dec. 1972.
"De la sardina y el gallego": Nº 944, 5 xullo 1975.
"De mecánica vacuna": Nº 945, 15 xullo 1975.
"La diferencia entre el animal y el hombre": Nº 946, 22 xullo 1975.

MARTÍNEZ TORRÓN, D.: *O Outro rostro de A. Cunqueiro*, Santiago, FAB, 1996.

"Los judíos gallegos": Nº 947, 23 a 29 xullo 1975.
"Las grandes bestias del verano": Nº 948, 30 xullo a 5 ag. 1975.
"Abundancia de sirenas": Nº 949, 6 a 12 ag. 1975.
"La dispersión de los armenios": Nº 950, 19 ag. 1975.
"La Saint-Barthelemy y sus fantasmas": Nº 951, 26 ag. 1975.
"El arcipreste más arcipreste de toda la arciprestería": Nº 952, 2 set. 1975.
"De bomberos y pirómanos portugueses": Nº 953, 9 set. 1975.
"Los fantasmas ingleses": Nº 954, 16 set. 1975.
"Los Grandes misterios": Nº 955, 23 set. 1975.
"El tangueiro y el stafermo de Foligno": Nº 956, 24 a 30 set. 1975.
"Negación de ventrílocuos": Nº 957, 7 out. 1975.
"Un amigo que tuve": Nº 958, 8 a 14 out. 1975.
"Los vendimiadores": Nº 959, 15 a 21 out. 1975.
"De acuerdo con las estrellas": Nº 960, 22 a 26 out. 1975.
"El golem de San Francisco": Nº 961, 29 out. a 4 nv. 1975.
"Del hombre y lo que sigue": Nº 962, 5 nv. 1975.
"Los reglamentos y otros sucesos": Nº 963, 18 nv. 1975.
"Fábulas de moriscos": Nº 964, 19 a 25 nv. 1975.
"De postizos, bellezas y otras nuevas": Nº 965, 26 nv. a 2 dec. 1975.
"Historias con capones": Nº 966, 3 a 9 dec. 1975.
"Los gatos": Nº 967, 10 a 16 dec.1975.
"El fabricante de oro": Nº 968, 17 a 22 dec. 1975.
"El campo con los comuneros": Nº 969, 24 a 30 dec. 1975.
"Avisando de sucesos pasados": Nº 970, 31 dec.1975 a xan. 1976.
"Un año capricornio a la vista": Nº 971, 7 a 13 xan. 1976.
"Los dos últimos irlandeses": Nº 972, 14 a 20 xan. 1976.

MARTÍNEZ TORRÓN, D.: *O Outro rostro de A. Cunqueiro*, Santiago, FAB, 1996.

"Los mismos sueños y la diversa fortuna": Nº 973, 21 a 27 xan. 1976.
"Las opiniones de los peces": Nº 974, 28 xan. a 3 feb. 1976.
"Ya están en Jerusalén": Nº 975, 4 a 10 feb. 1976.
"Elecciones en el Imperio secreto": Nº 976, 11 a 17 feb. 1976.
"De olímpicos hispánicos": Nº 977, 18 a 24 feb. 1976.
"Una vida de madame Tusseaud": Nº 978, 25 feb a 2 mar. 1976.
"De ciencia funambúlica": Nº 979, 3 a 9 mar. 1976.
"Una dieta para la concordia": Nº 980, 10 a 16 mar. 1976.
"De Barba Azul y los partos múltiples": Nº 981, 17 a 23 mar. 1976.
"De seis españoles y algunos más": Nº 982, 24 a 30 mar. 1976.
"Airiños, airiños, aires...": Nº 983, 31 mar. a 6 abr. 1976.
"Inglaterra, invadida": Nº 984, 7 a 13 abr. 1976.
"El casco de oro": Nº 985, 14 a 20 abr. 1976.
"Días en los que canta el cuco": Nº 986, 21 a 27 abr. 1976.
"Fabricantes de nubes": Nº 987, 28 abr. a 4 maio 1976.
"Los ingenios necesarios": Nº 988, 5 a 11 maio 1976.
"De la mudanza de los siglos": Nº 989, 12 a 18 maio 1976.
"De las vueltas que da el mundo y propaganda": Nº 990, 19 a 25 maio 1976.
"De la vecindad del océano": Nº 991, 26 maio a 1 xuño 1976.
"Textos en ayuda de amor": Nº 992, 2 a 8 xuño 1976.
"El misterioso mundo del paraguas": Nº 993, 9 a 15 xuño 1976.
"Lo que se aprende": Nº 994, 16 a 22 xuño 1976.
"Donde se cruzan los destinos": Nº 995, 23 a 29 xuño 1976.
"El amigo saco": Nº 996, 30 xuño a 6 xullo 1976.
"Si Persiles hablase de nuevo con el capuchino": Nº 997, 7 a 13 xullo 1976.

"La maldita gloria": Nº 998, 14 a 20 xullo 1976.
"En busca de Max Jacob": Nº 999, 21 a 27 xullo 1976.
"El pequeño maléfico": Nº 1000, 28 xullo a 3 ag. 1976.
"En vacaciones": Nº 1001, 7 ag. 1976.
"Las grandes ocupaciones": Nº 1002, 14 ag. 1976.
"Tabla y fábula de piedras preciosas": Nº 1003, 21 ag. 1976.
"El país de los incendios": Nº 1004, 28 ag. 1976.
"De las conversaciones entre robles y lobos": Nº 1005, 4 set. 1976.
"Spartacus Gay Guide": Nº 1006, 11 set. 1976.
"El terror de la encrucijada": Nº 1007, 18 set. 1976.
"En la primera mañana de otoño": Nº 1008, 25 set. 1976.
"Un viaje a Sicilia": Nº 1010, 9 out. 1976.
"Tiempo de vendimia": Nº 1011, 16 out. 1976.
"El raro peregrino": Nº 1012, 23 out. 1976.
"De políticos y de agüeros": Nº 1013, 30 out. 1976.
"Tasando la langosta": Nº 1014, 6 nov. 1976.
"Gentes con diversos habitantes": Nº 1015, 13 nov. 1976.
"La seducción de la horca": Nº 1016, 20 nov. 1976.
"Estacios examinados": Nº 1017, 27 nov. 1976.
"Algunos magos": Nº 1018, 4 dec. 1976.
"Misteriosas infantas de Portugal": Nº 1019, 11 dec. 1976.
"De votos y censos": Nº 1020, 18 dec. 1976.
"Alejandro submarino": Nº 1021 y 1022, 25 dec. 1976 a 1 xan. 1977.
"Del rey Arturo y sus nobles caballeros": Nº 1023, 8 xan. 1977.
"El más complejo mundo": Nº 1024, 15 xan. 1977.
"Algunos sueños": Nº 1025, 22 xan. 1977.
"Expedito zapatero": Nº 1026, 29 xan. 1977.

"El cuervo sospechante": Nº 1027, 5 feb. 1977.
"Los lejanos culpables": Nº 1028, 12 feb. 1977.
"Las sociedades secretas": Nº 1029, 19 feb. 1977.
"Las grandes diferencias": Nº 1030, 26 feb. 1977.
"Rosalía, la casa propia y otras nuevas": Nº 1031, 5 mar. 1977.
"El derecho a la siesta": Nº 1032, 12 mar. 1977.
"Batallón de brujas": Nº 1033, 19 mar. 1977.
"De espionaje y satrerías secretas": Nº 1034, 26 mar. 1977.
"Contemplando sueños": Nº 1035, 2 abr. 1977.
"El gran parásito": Nº 1036, 9 abr. 1977.
"Pascua florida con tesoros": Nº 1037, 16 abr. 1977.
"Los pudorosos y los ecologistas": Nº 1038, 23 abr. 1977.
"Elecciones con temporal": Nº 1039, 30 abr. 1977.
"Del censo electoral": Nº 1040, 7 maio 1977.
"La afición al terror": Nº 1041, 14 maio 1977.
"Con quién está Dios": Nº 1042, 21 maio 1977.
"El vendedor de huesos luz": Nº 1043, 28 maio 1977.
"Romance de ciegos": Nº 1044, 4 xuño 1977.
"Lo lejano": Nº 1045, 11 xuño 1977.
"De ovnis, ataúdes y otros": Nº 1046, 18 xuño 1977.
"Los alimentos terrestres": Nº 1047, 25 xuño 1977.
"La fuente de la juventud": Nº 1048, 2 xullo 1977.
"Los sombreros": Nº 1049, 9 xullo 1977.
"Los incendios anuales": Nº 1050, 16 xullo 1977.
"Los niños prodigio": Nº 1051, 23 xullo 1977.
"El sordomudo en los mítines": Nº 1052, 30 xullo 1977.
"Noticia con monstruo dentro": Nº 1053, 6 ag. 1977.
"Antiguas navegaciones": Nº 1054, 13 ag. 1977.
"Animales inventados": Nº 1055, 20 ag. 1977.

"Los anales del mundo": Nº 1056, 27 ag. 1977.
"El sucesor de Nostradamus": Nº 1057, 3 set. 1977.
"Noticias de veranos": Nº 1058, 10 set. 1977.
"Correo con fantasmas": Nº 1059,17 set. 1977.
"Retrato de un obispo y más comuneros": Nº 1060, 24 set. 1977.
"La vendimia y sus frutos": Nº 1061, 1 out. 1977.
"Tres perros": Nº 1062, 8 out. 1977.
"Los caminos de la vida": Nº 1063, 15 out. 1977.
"Día de tartamudos": Nº 1064, 22 out. 1977.
"Día de curación": Nº 1065, 29 out. 1977.
"La palingenesia": Nº 1066, 5 nov. 1977.
"Las flores y sus horas felices": Nº 1067, 12 nov. 1977.
"Las raras luces": Nº 1068, 19 nov. 1977.
"Los idiomas soñados": Nº 1069, 26 nov. 1977.
"La dote": Nº 1070, 3 dec. 1977.
"Los cambios imprevisibles": Nº 1071, 10 dec. 1977.
"Pasando la hoja": Nº 1073, 24 dec. 1977.
"Voladoras de San Silvestre": Nº 1074, 31 dec. 1977.
"Las ciudades sumergidas": Nº 1075, 7 xan. 1978.
"Con perlas finas": Nº 1076, 14 xan. 1978.
"Satán, en Normandía": Nº 1077, 21 xan. 1978.
"El 'Papa' de los cátaros": Nº 1078, 28 xan. 1978.
"El aspirante al ocio": Nº 1079, 4 feb. 1978.
"La montaña nevada": Nº 1080, 11 feb. 1978.
"Los avisos perpetuos": Nº 1081, 18 feb. 1978.
"Los antiguos perfumes": Nº 1982, 25 feb. 1978.
"Y en sus dedos, el diablo": Nº 1083, 4 mar. 1978.
"Se subasta un cráneo": Nº 1084, 11 mar. 1978.
"De andantes a templarios": Nº 1085, 18 mar. 1978.

MARTÍNEZ TORRÓN, D.: *O Outro rostro de A. Cunqueiro*, Santiago, FAB, 1996.

"La purificación por el incendio": Nº 1086 y 1087, 25 mar. a 1 abr. 1978.
"El mono parlante": Nº 1088, 8 abr. 1978.
"El sacristán de Cardiff": Nº 1089, 15 abr. 1978.
"Las grandes libertades": Nº 1090, 22 abr. 1978.
"¿Por qué tienen ocioso al campeón?": Nº 1091, 29, abr. 1978.
"Nuevas del hombre-lobo": Nº 1092, 6 maio 1978.
"Un enviado especial": Nº 1093, 13 maio 1978.
"El bálsamo de Fierabrás": Nº 1094, 20 maio 1978.
"Una torre para la tragedia": Nº 1095, 27 maio 1978.
"Los centauros": Nº 1096, 3 xuño 1978.
"Cómo se habla": Nº 1097, 10 xuño 1978.
"Las eternas panaceas": Nº 1098, 17 xuño 1978.
"Traumas infantiles": Nº 1099,24 xuño 1978.
"La casa de Leonardo": Nº 1100, 1 xullo 1978.
"En una tarde cualquiera": Nº 1101, 8 xullo 1978.
"El 'tarot' de don Ulises": Nº 1102, 15 xullo 1978.
"El gran tertamento": Nº 1103, 22 xullo 1978.
"Los salvoconductos del español": Nº 1104, 29 xullo 1978.
"Tuertos, vinos y otras historias": Nº 1105, 5 ag. 1978.
"Una ciudad en el horizonte": Nº 1108, 26 ag. 1978.
"Espejos portugueses": Nº 1110, 9 set. 1978.
"La farpa de don Tristán": Nº 1111, 16 set. 1978.
"De arbitristas": Nº 1112, 23 set. 1978.
"La muerte de don Roldán": Nº 1113, 30 set. 1978.
"De la Luna a Pedro Romano": Nº 1114, 7 out. 1978.
"Final de hadas": Nº 1114, 7 out. 1978.
"Los incendiarios": Nº 1115, 14 out. 1978.
"Remedios para crecer": Nº 1116, 21 out. 1978.

"Quemar un poeta": Nº 1117, 28 out. 1978.
"Tertulia de perezosos": Nº 1118, 4 nov. 1978.
"Tarjetas de visita": Nº 1119, 11 nov. 1978.
"Cuervos parlantes": Nº 1120, 18 nov. 1978.
"Los tartamudos galeses": Nº 1121, 25 nov. 1978.
"Gallinas y premio gordo": Nº 1122, 2 dec. 1978.
"Los augurios": Nº 1123, 9 dec. 1978.
"Teoría de capón": Nº 1124, 16 dec. 1978.
"Los grandes señores que llamamos vientos": Nº 1125, 23 dec. 1978.
"La gran degollina": Nº 1126, 30 dec. 1978.
"Regale un unicornio": Nº 1127, 6 xan. 1979.
"Cómo probar si uno es castellano": Nº 1128, 13 xan. 1979.
"Las bestias del Tenebroso": Nº 1129, 20 xan. 1979.
"Las 'vacaciones' del Sha": Nº 1130, 27 xan. 1979.
"El mundo de los ratones": Nº 1131, 3 feb. 1979.
"Obispo al bingo y extraterrestre al Evora": Nº1132, 10 feb. 1979.
"Final de suizos": Nº 1133, 17 feb. 1979.
"La divagación electoral": Nº 1134, 24 feb. 1979.
"Insólitos hallazgos": Nº 1135, 3 mar. 1979.
"Las fronteras del mar": Nº 1136, 10 mar. 1979.
"Del golem y otros": Nº 1137, 17 mar. 1979.
"Príncipes plateados": Nº 1138, 24 mar. 1979.
"Los ciegos romances": Nº 1139, 31 mar. 1979.
"El hombre y sus prisas": Nº 1140, 7 abr. 1979.
"El freno contrapedal": Nº 1141, 14 abr. 1979.
"La muerte vino por el escalatorres": Nº 1142, 21 a 27 abr. 1979.
"Los conocimientos inútiles": Nº 1143, 4 maio 1979.
"La bella del dragón": N º 1144, 11 maio 1979.

"Los inexistentes": Nº 1145, 18 maio 1979.
"Los pueblos heroicos": Nº 1146, 19 a 25 maio 1979.
"Bolas de nieve": Nº 1147, 26 maio a 1 xuño 1979.
"Los odios extinguidos": Nº 1148, 2 al 8 xuño 1979.
"El predicador y el desnudo femenino": Nº 1149, 9 a 15 xuño 1979.
"La Atlántida siempre": Nº 1150, 16 a 22 xuño 1979.
"Fortuna y adivinanza con aves": Nº 1151, 23 a 29 xuño 1979.
"Los jóvenes canteros": Nº 1152, 30 xuño a 6 xullo 1979.
"El pequeño viñedo": Nº 1153, 7 a 13 xullo 1979.
"El viejo de la montaña": Nº 1154, 14 a 20 xullo 1979.
"El incendiario": Nº 1155, 27 xullo 1979.
"Todos esos niños": Nº 1156, 3 ag. 1979.
"Los alunados": Nº 1157, 9 ag. 1979.
"Los normandos en el río": Nº 1158, 15 ag. 1979.
"Monstruos para el verano": Nº 1159, 22 ag. 1979.
"Pactar con el diablo": Nº 1160, 29 ag. 1979.
"Las entrevistas del verano": Nº 1161, 5 set. 1979.
"Los magos italianos": Nº 1162, 12 set. 1979.
"El milagro del solomillo": Nº 1163, 19 set. 1979.
"Los eternos monstruos": Nº 1164, 26 set. 1979.
"Las grandes curaciones": Nº 1165, 3 out. 1979.
"Los extraterrestres y el oro": Nº 1166, 10 out. 1979.
"Entre los racimos y las castañas": Nº 1167, 17 out. 1979.
"La astucia de Aconcio": Nº 1168, 24 out. 1979.
"Armas secretas": Nº 1169, 31 out. 1979.
"El reino sumergido": Nº 1170, 7 nov. 1979.
"La era de Acuario": Nº 1171, 14 nov. 1979.
"Barato de sirenas": Nº 1173, 28 nov. 1979.

"Los selvícolas": Nº 1174, 5 dec. 1979.
"Historia de un comunero": Nº 1175, 12 dec. 1979.
"Tertulia de capones": Nº 1176, 13 a 19 dec. 1979.
"Tertulia de alquitarero": Nº 1177, 26 dec. 1979.
"Lo que se sabe de un añor": Nº 1178, 2 xan. 1980.
"Banquete funeral": Nº 1179, 9 xan. 1980.
"Retrato de vizcaíno": Nº 1180, 16 xan. 1980.
"La sabia y la estatua yacente": Nº 1181, 17 a 23 xan. 1980.
"El herbolario cuarlotodo": Nº 1182, 30 xan. 1980.
"Los lampreófilos": Nº 1183, 6 feb. 1980.
"El fin del mundo": Nº 1184, 13 feb. 1980.
"Los falsos países": Nº 1185, 20 feb. 1980.
"Retablo de judíos": Nº 1186, 27 feb. 1980.
"La natación y adivinanzas": Nº 1187, 28 feb. a 5 mar. 1980.
"El misterio de los espejos": Nº 1188, 12 mar. 1980.
"Vendedores de sueños": Nº 1190, 26 mar. 1980.
"Merlín misionero": Nº 1191, 2 abr. 1980.
"Festejando la camelia": Nº 1192, 9 abr. 1980.
"El beso sagrado y el profano": Nº 1193, 16 abr. 1980.
"Los oficios peligrosos": Nº 1194, 23 abr. 1980.
"Viudas en peregrinación": Nº 1195, 30 abr. 1980.
"Tiempo de 'curros'": Nº 1196, 7 maio 1980.
"Interrogando extraterrestres": Nº 1197, 14 maio 1980.
"Feria de cuervos": Nº 1198, 21 maio 1980.
"Exceso de emociones": Nº 1199, 28 maio 1980.
"Hombres angustiados": Nº 1200, 4 xuño 1980.
"Ulises sale al mar": Nº 1201, 11 xuño 1980.
"El número de la Bestia": Nº 1202, 18 xuño 1980.
"El pequeño campeón de Dios": Nº 1203, 24 xuño 1980.

MARTÍNEZ TORRÓN, D.: *O Outro rostro de A. Cunqueiro*, Santiago, FAB, 1996.

"Los oficios pacíficos": Nº 1204, 2 xullo 1980.
"Ni mocito barbero ni anillito de mi dedo": Nº1205, 9 xullo.1980.
"Los sórdidos gallegos": Nº 1206, 16 xullo 1980.
"Los antiguos jardines": Nº 1207, 23 xullo 1980.
"La romería de los resucitados": Nº 1208, 30 xullo 1980.
"Los 'fans' de la cornamusa": Nº 1209, 6 ag. 1980.
"La cosecha del sábado": Nº 1210, 13 ag. 1980.
"Las aguas vivificantes": Nº 1211, 20 ag. 1980.
"Vendedores de sueños": Nº 1212, 21 ag. 1980.
"Las orejas de la novia": Nº 1213, 3 set. 1980.
"Los voladores": Nº 1214, 10 set. 1980.
"La necesidad del hereje": Nº 1215, 17 set. 1980.
"Manipulando genes": Nº 1216, 24 set. 1980.
"El astrólogo irlandés": Nº 1217, 1 out. 1980.
"Peces de la mar": Nº 1218, 8 out. 1980.
"Las tristes vendimias": Nº 1219, 15 out. 1980.
"El periquito y los terremotos": Nº 1220, 22 out. 1980.
"Esto es una locura" (entrevista con Cunqueiro): Nº 1221, 29 oct. 1980.
"Otra vez el mar": Nº 1227, 10 dec. 1980. (Enfermidade de Álvaro Cunqueiro)
"Desde el fondo de las edades": Nº 1228, 17 dec. 1980.
"Repique de campanas": Nº 1229, 24 dec. 1980.
"Saludando a las lluvias": Nº 1230, 31 dec. 1980.
"El gran sombrero": Nº 1231, 14 xan. 1981.
"El potlach de los gallegos": Nº 1232, 21 xan. 1981.
"Una historia junto al fuego": Nº 1233, 28 xan. 1981.
"Feria de monstruos": Nº 1234, 4 feb. 1981.
"De varia luna": Nº 1235, 11 feb. 1981.

"Terrorismo e imaginación": Nº 1236, 18 feb. 1981.
"Aprendiz de brujo": Nº 1237, 25 feb. 1981.
"Exportación de agua": Nº 1238, 4 mar. 1981.
"El uruguayo parlante": Nº 1239, 11 mar. 1981.

O libro
O outro rostro de
Álvaro Cunqueiro
de Diego Martínez Torrón
editado pola
Fundación Alfredo Brañas,
rematouse de imprimir
nos obradoiros de
Tórculo Artes Gráficas, S.A.L.
de Santiago de Compostela,
no mes de Setembro de 1996.

PUBLICACIÓN DA FUNDACIÓN ALFREDO BRAÑAS

R/ Ourense, 11-Baixo
15701 Santiago de Compostela
Telf.: (981) 58.05.77 - Fax: (981) 58.01.63
C.I.F.: G.150.78.009
Distribuidor para Galicia dos Libros da FAB
Editorial Galaxia, Travesía de Vigo, 71
36206 Vigo

Colección Autoidentificación

1. F. PUY: *Ensaios acerca da nosa Autoidentificación*. 1990. 308 páx. I.S.B.N.: 84-404-9717-2. Esgotado.
2. F. PUY (Ed.): *Los espacios regionales e la Comunidad Europea*. 1991. 300 páx. I.S.B.N.: 84-88051-00-X. Prezo: 2.500.- Pts.
3. X. PRECEDO LAFUENTE: *Algunhas historias, persoas e tradicións galegas*. 1992. 188 páx. I.S.B.N.: 84-88051-16-6. Prezo: 1.800.- Pts.
4 C. OTERO DÍAZ (Ed.): *Recordos e gratitudes*. 1992. 80 páx. I.S.B.N.: 84-88051-17-4. Prezo: 500.- Pts.
5 F. PUY: *¿Qué é Galicia?* 1993. 186 páx. I.S.B.N.: 84-88051-39-5. Prezo: 1.000.- Pts.
6 A. GANDARA MOURE: *El concepto de Derecho en Alvaro D'Ors*. 1993. 211 páx. I.S.B.N.: 84-88051-40-9. Prezo: 2.000.- Pts.
7. I. MILLÁN GONZÁLEZ PARDO (Ed.): *Lembranza e comento de A. Cunqueiro*. 1994. 90 páx. I.S.B.N.: 84-88051-44-1. Prezo: 950.- Pts.
8. B. VARELA JACOME (Ed.): *Estratexias narrativas de A. Cunqueiro*. 1994. 45 páx. I.S.B.N.: 84-88051-45-X. Prezo: 500.- Pts.
9. A. LÓPEZ CASANOSA (Ed.): *A. Cunqueiro e a vangarda poética*. 1994. 33 páx. I.S.B.N.: 84-88051-46-8. Prezo: 500.- Pts.
10. N. SALVADOR MIGUEL (Ed.): *A tradición medieval na novelística de A. Cunqueiro*. 1996. 40 páx. I.S.B.N.: 84-88051-59-x. Prezo: 600.- Pts.
11. D. VILLANUEVA (Ed.): *O realismo maravilloso de A. Cunqueiro*. 1996. 71 páx. I.S.B.N.: 84-88051-60-3. Prezo: 1.100.- Pts.
12. A. MARTÍNEZ-RISCO FERNÁNDEZ (Ed.): *Cunqueiro e a Historia*. 1996. 70 páx. I.S.B.N.: 84-88051-61-1. Prezo: 1.100.- Pts.
13. D. MARTÍNEZ TORRÓN (Ed.): *O outro rostro de A. Cunqueiro*. 1996. 85 páx. I.S.B.N.: 84-88051-62-x. Prezo: 1.300.- Pts.

Colección
AUTOIDENTIFICACIÓN

1. F. PUY: *Ensaios acerca da nosa Autoidentificación.* 1990. 308 páx. I.S.B.N. 84-404-9717-2. Esgotado.
2. F. PUY (Ed.): *Los espacios regionales de la Comunidad Europea.* 1991. 300 páx. I.S.B.N. 84-88051-00-X. Prezo: 2500 Ptas.
3. X. PRECEDO LAFUENTE: *Algunhas historias, persoas e tradicións galegas.* 1992. 188 páx. I.S.B.N. 84-88051-16-6. Prezo: 1800 Ptas.
4. C. OTERO DÍAZ (Ed.): *Recordos e Gratitudes.* 1992. 80 páx. I.S.B.N. 84-88051-17-4. Prezo: 500 Ptas.
5. F. PUY: *¿Qué é Galicia?* 1993. 186 páx. I.S.B.N. 84-88051-39-5. Prezo: 1000 Ptas.
6. A. GANDARA MOURE: *El Concepto de derecho en Alvaro D´Ors.* 1993. 211 páx. I.S.B.N. 84-88051-40-9. Prezo: 2000 Ptas.
7. I. MILLÁN GONZÁLEZ PARDO(Ed.): *Lembranza e comento de Alvaro Cunqueiro.* 1994. 90 páx. I.S.B.N. 84-88051-44-1. Prezo: 950 Ptas.
8. B. VARELA JACOME (Ed.): *Estratexias narrativas de Alvaro Cunqueiro.* 1994. 45 páx. I.S.B.N. 84-88051-45-X. Prezo: 500 Ptas.
9. A. LÓPEZ CASANOSA (Ed.):*Álvaro Cunqueiro e a vangarda poética.* 1994. 33 páx. I.S.B.N. 84-88051-46-8. Prezo: 500 Ptas.
10. N. SALVADOR MIGUEL (Ed.): *A tradición medieval na novelística de Alvaro Cunqueiro.* 1996. 40 páx. I.S.B.N. 84-88051-59-X. Prezo: 600 Ptas.
11. D. VILLANUEVA (Ed.): *O realismo maravilloso de Alvaro Cunqueiro.* 1996. 71 páx. I.S.B.N. 84-88051-60-3. Prezo: 1100 Ptas.
12. A. MARTÍNEZ-RISCO FERNÁNDEZ (Ed.):*Cunqueiro e a Historia.* 1996. 70 páx. I.S.B.N. 84-88051-61-1. Prezo: 1100 Ptas.
12. A. MARTÍNEZ-RISCO FERNÁNDEZ (Ed.):*Cunqueiro e a Historia.* 1996. 70 páx. I.S.B.N. 84-88051-61-1. Prezo: 1100 Ptas.
13. D. MARTÍNEZ TORRÓN (Ed.): *O outro rostro de Alvaro Cunqueiro.* 1996. 80 páx. I.S.B.N. 84-88051-62-X. Prezo: 1200 Ptas.

PUBLICACIÓNS DA FUNDACIÓN ALFREDO BRAÑAS

R/ Ourense nº 11 - baixo
15701 Santiago de Compostela
Telf.: (981) 58.05.77 - Fax: (981) 58.01.63
CIF.: G.150.78.009
Distribuidor para Galicia dos Libros da FAB
Editorial Galaxia, Travesía de Vigo, 71
36206 Vigo

Edición Subvencionada por:

XUNTA DE GALICIA